



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E O ATENEO
SANTIAGO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Ateneo de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración co Ateneo de Santiago de Compostela para a realización de actividades culturais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A realización de numerosas conferencias, como son a conferencia “Valle Inclán e a I Guerra Mundial: das trincheiras á literatura”, a conferencia “Morte digna: a situación en Galicia”, a conferencia-recital “España alla Rossini”, “Contaminación Lumínica: o día en





que perdemos o ceo”, o “Reto do cancro na actualidade” e moitas outras. Tamén está previsto a realización de exposicións, e a partir do vindeiro mes de outubro o inicio do programa “Os Lúns do Ateneo” que comprenden numerosas conferencias de gran interés para a sociedade.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características por todo o labor cultural que aporta o Ateneo Santiago á sociedade en xeral. Por todo o anterior é o Ateneo Santiago o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 10 de xuño de 2016

